


3.1 A voz humana

A O aparato fonador

O aparato fonador está constituído por diferentes órgãos do corpo humano que se empregan para emitir a voz e os sons do canto.

• As partes do aparato fonador

Observa o seguinte esquema que representa as partes do aparato fonador.



- a) **O aparato respiratorio:** está formado polos **pulmóns** e o **diafragma**.

Cando inspiramos o aire chega ata os pulmóns a través da boca e da cavidade nasal. Ó expirar soltamos o aire que chega ás cordas vocais.

O diafragma é o músculo que separa os pulmóns do abdome. Cando respiramos, os pulmóns inchan e o diafragma baixa. Cando expiramos, o diafragma sobe e o aire é expulsado dende os pulmóns.

- b) **As cordas vocais:** son dous músculos, a modo de dúas bandas estendidas, situados ó longo da **larinxe**.

As cordas vocais vibran co aire que sae dos pulmóns. Ó vibraren producen son.


- c) **A boca, as meixelas, a lingua e a cavidade nasal:** o son que produce a vibración das cordas vocais chega á **cavidade bucal** (meixelas e lingua incluídas) e á **cavidade nasal**, que son cavidades resoadoras.



O aparato respiratorio



A larinxe e as cordas vocais



As cavidades bucal e nasal